

## **Criterios de selección de representantes da Universidade de Vigo nos Campionatos Universitarios de ámbito estatal 2014**

### **TENIS**

#### **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

Que a participación confirmada de universidades sexa como mínimo a establecida polo CSD para que a competición teña a consideración de Campionato de España Universitario:

“En categoría masculina, será necesaria la participación de, al menos, 20 Universidades que representen, al menos, a 7 CCAA. En categoría femenina será necesaria la participación de, al menos, 12 Universidades que representen, al menos, a 5 CCAA”.

Que o custe económico da participación non exceda o máximo establecido pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes para o curso 2013/2014.

#### **COMPOSICIÓN DO EQUIPO**

O equipo representativo da Universidade de Vigo estará integrado como máximo por tres alumnas e tres alumnos (máximo establecido polo Regulamento do CEU).

#### **REQUISITOS**

Ser alumno/a de primeiro, segundo, terceiro ciclo ou doutros títulos de carácter oficial da Universidade de Vigo durante o curso 2013/14.

Poñer en coñecemento da Área de Deportes a súa intención de participar cunha antelación mínima de 45 días antes da data de inicio da competición.

Participar no Campionato Interno de Tenis da Universidade de Vigo. En caso de non facelo, deberá presentarse xustificación por escrito desta ausencia, que será valorada pola Área de Deportes atendendo a problemas de saúde, académicos ou de forza maior.

Posuír ou ter posuído nos dous últimos anos ránking ITF masculino, feminino e/ou sub 18 ou clasificación no ránking absoluto da RFET nun posto igual ou mellor que o 400 .

#### **CRITERIOS**

A orde de prelación dos tenistas será establecida atendendo á clasificación do campionato interno da Universidade de Vigo.

Poderán seleccionarse aqueles deportistas que non tendo participado no campionato interno e tendo xustificada a súa ausencia cando cumplan os requisitos do apartado anterior.

#### **RESPONSABLE TÉCNICO**

Corresponderá ao responsable da sección federada de Tenis da Área de Deportes a aplicación e verificación dos requisitos e criterios establecidos.

*Criterios aprobados pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes na súa reunión do día 16/12/2013.*